

## Concello da Capela

### ACTA Nº 1

**PROCESO PARA A SELECCIÓN DA PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO, A TEMPO PARCIAL, DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO (SECRETARÍA DO XULGADO DE PAZ DA CAPELA), POLO PROCESO ESPECIAL DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022 DO CONCELLO DA CAPELA**

**SESIÓN DO DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2023**

Na Casa do Concello da Capela, sendo as 10.00 horas do día 17 de febreiro de 2023, reúnen-se, previa convocatoria ao efecto realizada pola Alcaldía do Concello de Capela a medio de Resolución da Alcaldía-Presidencia número 2023-0038, de data 2 de febreiro de 2023, os seguintes membros do Tribunal cualificador, co fin de proceder á constitución e posterior valoración de méritos do proceso selectivo da praza de persoal laboral fixo a tempo parcial de auxiliar administrativo-Secretaría do Xulgado de Paz da Capela (estabilización de emprego temporal), Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Asisten:

PRESIDENTE: José Antonio Meizoso Paz

VOGAL 1º: Manuel Larrosa Rodríguez

VOGAL 2º SUPLENTE: María América Uceira Criado

VOGAL 3º: Olga Galdo López

SECRETARIA: Ana Ramos Ramos

### **1ª PARTE.- CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E INICIO DO PROCESO SELECTIVO**

Aberta a sesión polo presidente do Tribunal, procédese á constitución do mesmo cos membros presentes indicados, e inicia o proceso deliberativo.

### **2ª PARTE.- VALORACIÓN DA FASE DE CONCURSO**

Por parte do presidente do Tribunal preséntanse as instancias aos restantes membros, así como a documentación aportada polos/as aspirantes admitidos/as ao proceso selectivo, co fin de valorar os méritos da fase de concurso seguindo o



## Concello da Capela

indicado nas bases reguladoras, aprobadas por decreto da Alcaldía número 2022-0422, do 29 de agosto.

Analízase a documentación dos/as seguintes aspirantes e primeiramente verificase se aportan certificado CELGA 4, requirido nas bases para ser considerados exentos da realización da proba de coñecemento da lingua galega:

Apelidos e nome	DNI	CELGA 4
Anidos Durán, Ivanca	***8290**	SI
Viñas Mayo, Rubén	***9115**	SI
Calvo Torquemada, Eva María	***7808**	SI
Pérez Martínez, María Guadalupe	***1029**	SI
Alonso Rodríguez, Mónica de Jesús	***0814**	SI
Formoso García, María Concepción	***9523**	SI
García Pazo, Mercedes	***0082**	SI
Couce Moreira, María Celia	***4533**	SI
Filgueira Herva, María Begoña	***7090**	SI
Vázquez Pais, Ana María	***6850**	SI
Rioja Míguez, David	***4546**	SI

Atendendo ao literal das bases reguladoras en canto ao primeiro extremo a valorar na fase de concurso, isto é a experiencia profesional, requírese en canto “a prestación de servizos na Administración deberá acreditarse co certificado de servizos prestado expedido pola administración correspondente, especificando as tarefas desenvoltas” e que os extremos relativos a experiencia profesional “acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración que incluíra os períodos traballados, os posto ocupados e as funcións realizadas detalladamente, así como o informe de vida laboral”.

En consecuencia co anterior, acordase por unanimidade dos membros presentes requirir aos/as aspirantes para que no prazo de 10 días hábiles, subsanen a falta ou acompañe os documentos que se indican a continuación, con indicación de se non os presentan no prazo indicado, será baremada a fase de concurso únicamente nos aspectos que cumpran estrictamente coa documentación esixida nas bases:



## Concello da Capela

Apelidos e nome	DNI	REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN
Anidos Durán, Ivanca	***8290**	Certificado indicativo das funcións realizadas detalladamente no Concello de Cedeira como auxiliar administrativo
Pérez Martínez, María Guadalupe	***1029**	Certificado indicativo das funcións realizadas detalladamente no Concello de Ortigueira como auxiliar administrativo
Alonso Rodríguez, Mónica de Jesús	***0814**	Certificado indicativo das funcións realizadas detalladamente no Concello de Ortigueira como auxiliar administrativo
García Pazo, Mercedes	***0082**	Certificado indicativo das funcións realizadas detalladamente no Concello de Monfero como auxiliar administrativo
Couce Moreira, María Celia	***4533**	Informe de vida laboral
Vázquez Pais, Ana María	***6850**	Certificado indicativo das funcións realizadas detalladamente no Concello da Coruña como auxiliar administrativo

O presidente, ante o acordo adoptado, estima conveniente adiar a sesión ata a presentación da documentación requirida, para proseguir coa baremación da fase de concurso, en vindeiro acto, previa convocatoria.

Finalizado o acto, sendo ás 11.00 horas, a presidencia levanta a sesión, e para a súa constancia expídese a presente acta pola secretaria do Tribunal, que consta de 4 páxinas, coa sinatura de todos os membros presentes.

O presidente

D. José Antonio Meizoso Paz

Vogais

Manuel Larrosa Rodríguez

María América Uceira Criado

Olga Galdo López





## Concello da Capela

---

A secretaria

Ana Ramos Ramos

(Documento electrónico asinado dixitalmente)

